



Reunidos o PsdeG-PSOE e a Marea Atlántica, na sesión constitutiva da comisión de seguimento dos acordos de execución inmediata subscritos por ambas partes o 3 de xullo de 2019

### ACORDAN

1.- Que esta comisión se reunirá con **carácter bimestral** para avaliar o progreso no cumprimento dos acordos do pasado 3 de xullo de 2019, que ambas partes se propoñen executar completamente no horizonte do primeiro semestre de 2020.

2.- Que a asunción por ambas partes desta senda de cumprimento dos acordos de xullo, nomeadamente dos previstos para os meses de outubro e novembro do presente ano, despexa o escenario para a negociación dos **orxamentos de 2020**.

3.- Que a Comisión Especial para o impulso da **Área Metropolitana**, a iniciativa da súa presidencia e de común acordo entre as partes, adoptará na súa primeira sesión, no mes de setembro, dous acordos. O primeiro establecerá o seu réxime de funcionamento e o horizonte temporal para a conclusión da súa encomenda, isto é, a elaboración dun anteproxecto de lei, previsto para o primeiro semestre de 2020. O segundo, para o seu ditame e traslado ao pleno ordinario do 3 de outubro, no que se aprobará por maioría absoluta cos votos, cando menos, da Marea Atlántica e o PSdeG-PSOE, impulsará o proceso de constitución da área metropolitana ao abeiro do artigo 122 da Lei da Administración Local de Galicia (LALGA), dará traslado do acordo á Xunta de Galicia e ao resto dos concellos implicados e ratificará o prazo no que a Corporación se compromete a dispoñer dun anteproxecto de lei.

4.- Que entre os meses de outubro e novembro, e de común acordo entre as partes, se adoptará un acordo no Consello de Administración de Emalcsa no que se definirán as liñas básicas do proxecto de constitución dun **operador enerxético 100% municipal** e se activarán as xestións necesarias para levalo a efecto, para o que se porá en marcha ademais un grupo de traballo bilateral.

5.- Que no mes de outubro se impulsará a modificación do regulamento das escolas infantís municipais, que estará concluída antes de febreiro de 2020 e que suporá a **gratuidade do ensino de 0 a 3 anos a partir do curso escolar 2020/2021**, para o que os orxamentos sucesivos deberán contar coa partida económica necesaria.

6.- Que no mes de outubro, de común acordo entre as partes e antes, en calquera caso, de que se constituía o Grupo de Traballo entre o Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria da Coruña recollido no acordo plenario do pasado 12 de setembro, porase en marcha a Comisión Especial para o **Bordo Litoral** coa aprobación dun documento marco no que se establecerá, ademais dos obxectivos e prazos da comisión, o seu réxime de funcionamento, que incluírá os mecanismos necesarios para garantir o aliñamento do Grupo de Traballo cos acordos adoptados na Comisión Especial.



7.- Que a modificación puntual do PXOM para garantir a natureza pública dos **terreos da Solana** se levará ao pleno ordinario de novembro, para a súa aprobación definitiva, e en calquera caso antes de que remate o 2019, ao estar pendente da conformidade de Costas del Estado.

8.- Que no pleno ordinario do 3 de outubro, de común acordo entre as partes, se someterá a aprobación definitiva a **Ordenanza de Igualdade de Xénero** e se iniciará, na comisión plenaria correspondente, o seguimento da súa aplicación.

9.- Que no mes de outubro, e de común acordo entre as partes, se constituirá un grupo de traballo bilateral para a concreción das **bonificacións no billete do autobús urbano para menores de 25 anos e maiores de 65**, sen custo engadido para o Concello, e que estas bonificacións entrarán en vigor no primeiro semestre de 2020.

10.- Que o complexo das **Naves do Metrosidero** abrirá as súas portas á maior brevidade posible cando dispoña de todas as autorizacións administrativas, e a súa posta en marcha farase baixo as fórmulas de uso e coexistión xa aprobadas.

11.- Que o goberno municipal se compromete a dar continuidade aos **orxamentos participativos** en vindeiros exercicios e a prever o orzamento necesario para executar todos os compromisos asumidos coa cidadanía en anos anteriores.

12.- Que esta comisión, na súa vindeira xuntanza, avaliará o efectivo cumprimento desta folla de ruta e avanzará na concreción e execución dos restantes acordos subscritos entre ambas partes o pasado 3 de xullo de 2019.

Na Coruña, a 24 de setembro de 2019.